A Paínza - Numide -Tordoia, 1979-12-14
**Informantes:** Jesusa (48), Ramona (67) e Carmiña (23)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

< > [ ]

Ordes II,2,Tordoxa,Jesús 48 años,Ramona 67,Carmiña 23

CD 9, 14

14 Nadal 1978. (continuación)

II,2,270. (14) 41) "Faime lume, Flora (17)
polo vertedeiro,
se non me conoces
eu sonche o ferreiro".

"Si é-lo ferreiro
sube prá sobrado,
comerá-lo caldo
/:no medio ferrado:/
e a cunca dentro"

385. "Dime ti, rapaza,
/:o teu pensamento:/.
ó meu palomar-e,
esas palomicas
non son de olvidar-e".

285. 42) Miña nai e mai-la túa (eu queríame)
quedan no río berrando,
/:por culpa dunha ghaliña
que ten amores co ghalo:/

290. 43) Unha vella dixo á outra, "
polo burato da porta:
ti ghoberna a túa vida,
a miña nada che importa.

294. 44) Unha vella da Mariña
cun peido matou a un burro "
¡Ai qué demonio de vella!, v: 1336 b
¡qué forza tiña en el culo!

297. 45) Unha vella moi velliña, " (t...)
vella como o meu chapeu-e;
trazáronlle o casamento, (trazánonlle)
ela ergheu as mans ó ceu-e.

302. 46) /:Cara de sacho queimado:/, v: 1328 b
os dentes da túa boca,
a chavella do meu carro.

306. 47) O que non canta nin baila I 7?
que vai buscar á ruada, " 75 c
deprender cuatro mentiras
~~pra~~ para contar na semana.

DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
ARQUIVO
A P O I
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades



Ordes II,2,Tordoxa,Jesús 48 años,Ramona 67,Carmiña 23

CD 9,14

14 Nadal 1978. (continuación)

II,2,309. 48) /:Hai ruada no pallote:/, — I 73, VI 62
moi ben lle está o bailar-e
ós mociños de bighote.

313. 49) A miña muller morréume,
entirréina no valado, — VI 1492 b
cando paso por alí-e
~~e chuscalle o olle~~
chóscolle o ollo de lado. — VI 1490 c

316. 50) A miña muller morréume,
enterréina no palleiro,
deixéille un braciño fora
para tocar o pandeiro.

319. 51) A miña muller é vella,
de vella saquéille o coiro, — VI 1487 c
hei de facer un pandeiro
pra correr ó Antroido. 3,4

322. 52) O caravel cando nace
tén a folla rivirada,
que a rivirou o aire
unha ~~unha~~ mañan de xiada.

330. 53) O caravel cando nace
chámanlle caraveliño,
tamén os fillos do cura
chámanlle ó pai, señor tío.

333. 54) /:Caravel, caraviñol-e:/ — I 73
o día que non te vexo — VI 791 a
para min non raia o sol-e:

337. 55) Tén un caravel na ~~hiorta~~ i-horta,
unha rosa na cortiña,
o caravel non val nada, — VI 1998 b
a rosa é moi bonitiña:.

342. 56) Ven bailar Carmiña,
Carmiña, Carmela,
ven bailar, Carmiña,
/:a mais trae a nena:/ 4,4,1,2

~~Ven bailar Carmiña~~
~~Carmiña, Carmela.~~

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0009_014-01_en_Ordes_II_2_270*

59

**Ordes II,2,Tordoxa,Jesús 48 años,Ramona 67,Carmiña 23**

9,14

14 Nadal 1978. (continuación)

II,2,345. 57) /:Carmiña, Carmela:/, (17)
Zapatiño baixo
e media de seda. 4,4,1,2

**Nota de edición:** Aínda que no cartafol orixinal de Dorothé Schubarth aparece como data de recolla o 14 de Nadal de 1978, consideramos que se trata dun erro e que esta gravación foi realizada o 14 de decembro de 1979. As datas das pezas inmediatamente anteriores e posteriores así como as referencias delas no Cancioneiro Popular Galego e nas cubertas dos casetes orixinais, son todas do ano 1979.